

PERSONAL SUBVENCIONADO Ó ABEIRO DO "PLAN CONCELLOS 2018", CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS.

O Concello de Sanxenxo solicitou para o ano 2018 subvención á Deputación provincial para a contratación dun total de 43 traballadores.

A Deputación provincial resolveu a concesión do solicitado por o Concello de Sanxenxo.

Tal e como determinan as bases da Convocatoria:

<http://www.boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2018/01/03/2017052409>

----"As traballadoras e traballadores que sexan contratados para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

Para a xestión das ofertas establécese como ámbito de busca de emprego o municipio do Concello solicitante.

O Concello beneficiario será quen realice a selección definitiva das persoas candidatas, en conformidade coa normativa aplicable, na forma prevista e segundo os criterios sinalados a continuación, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución na que se concede a subvención. Sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, para a selección daráseles preferencia por esta orde aos seguintes criterios:

- a) As vítimas de violencia de xénero
- b) As persoas candidatas maiores de 45 anos
- c) As persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos ao seu cargo
- d) As persoas candidatas con niveis de renda máis baixa
- e) As persoas candidatas con cargas familiares."-----

Os postos que se solicitarán a través de oferta de emprego no Servizo Público de emprego de Galicia son:

Posto Solicitado	Nº Traballadores	Duración	Código Ocupación
Peón Obras Públicas en Xeral	37	6 meses	96.011.029
Empregados Administrativos en Xeral	2	9 meses	43.091.029
Empregados Administrativos de contabilidade, en xeral	1	9 meses	41.111.011
Empregados Administrativos de estatística	1	9 meses	41.131.024
Empregados Admtvos. Serv. Almac. e recepción	1	9 meses	41.211.056
Empregados Admtvos. Serv. Almac. e recepción	1	7 meses	41.211.056

O alcalde presidente, a 07 de marzo de dous mil dezaoto.

O alcalde,

Telmo Martín González.